

Avanza cos seus plans de expansión ao ritmo previsto

EROSKI INAUGURA 30 FRANQUÍAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO 2020

- O investimento ascendeu a 2,9M€ e xeráronse 156 postos de traballo
- EROSKI supera o medio milleiro de supermercados franquizados na actualidade
- As vendas da rede de supermercados franquizados de EROSKI aumentaron preto dun 30% durante os seis primeiros meses do ano

Elorrio, 8 de xullo do 2020.- [EROSKI](#) inaugurou 30 franquías durante os seis primeiros meses do 2020. O investimento global ascendeu a 2,9 millóns de euros e xeráronse 156 postos de traballo. Esta expansión, xunto á transformación emprendida na súa rede de tendas propias, representa un forte impulso á extensión do modelo comercial 'contigo' que define a nova xeración de tendas EROSKI.

Destas inauguracións, 26 corresponden a aperturas de novas franquías e a 4 cambios de insignia. As comunidades autónomas onde se concentraron o maior número de inauguracións son Cataluña (5), Madrid (4), País Vasco (4), Castela León e Comunidade Valenciana e Baleares con 3 aperturas, A Ríoxa e Andalucía con dúas inauguracións respectivamente e finalmente Galicia e Navarra cunha apertura de tenda franquizada.

EROSKI mantén o ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, cun balance de máis de 300 inauguracións nos últimos seis anos, superando o medio milleiro de supermercados franquizados na actualidade. No 2019 a cooperativa inaugurou 58 franquías e durante este ano ten previsto chegar ata as 60 inauguracións. Continúa a espallar así a súa rede franquizada co foco posto en Andalucía, Madrid, Castela A Mancha, Estremadura e Levante, de cara aos vindeiros anos.

As vendas da rede de supermercados franquizados de EROSKI aumentaron preto dun 30% durante os seis primeiros meses do ano. Este incremento supón medrar un 16% por riba do mercado no que vai de ano segundo o informe da compañía de medición e análise de datos Nielsen. *"Ofrecemos un modelo de franquía diferente ao resto do mercado xa que o noso carácter cooperativo, con socios traballadores, sitúanos moi preto das necesidades das persoas emprendedoras. Este crecemento débese a un modelo comercial atractivo que respondeu mellor ca a media do sector ás necesidades dos consumidores durante a crise sanitaria xerada polo COVID-19"*, destaca o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez.

Variedade de formatos comerciais

EROSKI conta con varias opcións de insignias que se adaptan aos seus franquizados e ás poboacións onde queren establecer o seu negocio. Entre elas atópanse o formato

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSELLEIROS DO NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

EROSKI City, cun tamaño de arredor dos 350-500 m² e situado no centro das cidades ou en poboacións de máis de 1.500 habitantes, ou a innovación máis recente, o formato *Rapid*, inaugurado no 2017. Este último trátase dun autoservizo de conveniencia, cun amplo horario comercial, de 15 horas cada xornada (8 a 23 horas), os 365 días do ano, e que nos seus aproximadamente 150 m² ofrece a maior oferta comercial por metro cadrado con 3.600 referencias, que cobren arredor de 800 necesidades do consumidor.

EROSKI conta xa cunha vintena de tendas baixo esta insignia repartidas principalmente entre Madrid, a zona de Levante, Barcelona e Illas Baleares. *"A resposta do mercado está a ser excelente. É un formato de tenda de conveniencia, adaptado ás distintas tipoloxías de situacións, que está a obter moitos éxitos aproveitando a oportunidade e tendencias de mercado"*, explica o director de Franquías de EROSKI.

Aposta polos produtos locais

Entre as claves do éxito do crecemento das franquías de EROSKI destacan o trato personalizado ao cliente, unha forte aposta polos produtos locais, o protagonismo dos alimentos frescos e a promoción dunha alimentación saudable. Velaquí as claves principais do éxito das franquías de EROSKI e as que a cooperativa ofrece en todos os establecementos da súa rede franquizada.

"Sabemos que os nosos consumidores valoran a procedencia local dos produtos e a saúde e a sustentabilidade, e por iso temos unha grande implicación na responsabilidade social e no desenvolvemento local das zonas nas que estamos implantados. Ademais, contamos con algo moi diferente ao resto, que somos unha cooperativa de traballadores cuns valores compartidos por todos, cun obxectivo final que é a satisfacción do cliente", destaca Enrique Martínez.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSELLEIROS DO NORTE

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE ESQUERDO

Tel: 944 158 642

[**Sala de prensa online**](#)